

Francisco Llorens. O pintor das Mariñas

Guía didáctica

Profesorado Educación Secundaria



Ruta do **Impresionismo**
das Mariñas



OBXECTIVO:

COÑECER A PERSONALIDADE CREATIVA DE FRANCISCO LLORENS, A SÚA OBRA E A IMPORTANCIA QUE O ESPAZO XEOGRÁFICO “AS MARIÑAS” TIVO NA SÚA PINTURA, PESCADANDO A TRAVÉS DE TEXTOS DOCUMENTAIS E IMAXES NO SEU INNATO TALENTO PARA RECREAR A PAISAXE.

FRANCISCO LLORENS (A Coruña, 1874-Madrid, 1948)

É un dos **paisaxistas de referencia** na historia da arte do século XX en Galicia, polo peso temático e argumental que esta ten na súa obra. Cunha sólida formación –foi alumno de Carlos de Haes e Joaquín Sorolla – que completará na Academia Española en Roma, viaxou extensamente por Italia, Bélxica e Holanda. Lugares que reflectiu en apuntamentos e bosquexos que realizou nestes escenarios.

Desenvolveu unha longa traxectoria profesional como profesor de debuxo e pintor, expoñendo en repetidas ocasións en España e América. Foi membro das academias galega e madrileña de Belas Artes e mantivo relacións con intelectuais coetáneos seus como Ramón Cabanillas e Castelao.

Aínda que alternou a súa vida entre Madrid e Galicia, á que regresaba cada verán, **esta foi o eixe temático fundamental en toda a súa obra**. As súas estancias estivais en calquera punto das Mariñas, A Ponte da Pasaxe, Oleiros, Sada, Mera, O Pedrido... reflíctense na súa pintura, cunha gran riqueza de matices cromáticos. A importancia que este contorno xeográfico desempeña en toda a súa obra é fundamental, xa que estes **espazos naturais** constitúen o espiñazo da súa obra pictórica.

Llorens sempre pintaba ao aire libre, practicaba o “**plein air**” xa que a natureza e os infinitos tons e matices que a luz provocaba sobre a paisaxe, eran os elementos esenciais da súa inspiración.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS:

- Coñecer a personalidade creativa de Francisco Llorens e o papel que o espazo xeográfico **das Mariñas** ocupa na súa obra.
- Investigar e coñecer o contexto histórico dentro e fóra da Galicia, no que viviu Llorens.
- Aprender a utilizar os textos documentais como ferramenta de traballo.
- Descubrir e pór en valor os logros e recoñecementos profesionais que obtivo na súa traxectoria profesional.
- Afondar no concepto de pintura ao “**aire libre**” e a súa importancia como método de creación pictórica.
- Investigar que outros artistas contemporáneos empregaron esa forma de traballo e o valor transcendental que esta tivo na historia da arte.
- Aprender a analizar unha paisaxe a través da perspectiva e o uso da luz e a cor. Investigar sobre a información que nos achega.
- Profundar na relación do contorno xeográfico das Mariñas e a pintura de Llorens. Traballar nos cambios naturais e os provocados pola acción do ser humano.
- Aprender a captar e sentir as emocións que a obra de Llorens transmite. Transcribilas.

COMPETENCIAS QUE SE TRABALLAN:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia en comprensión lectora e visual.
- Competencia no coñecemento e interacción co contorno físico máis próximo.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia dixital.

CONTIDOS

- Francisco Llorens: a súa vocación pictórica e innato talento para recreala.
- Francisco Llorens: textos documentais sobre o seu traballo e a súa traxectoria creativa. Imaxes das súas obras.
- Galicia e As Mariñas como espazo xeográfico determinante na súa obra pictórica.
- A paisaxe como impresión, sentimento e emoción nos seus cadros.
- A luz e a cor como referentes conceptuais e estéticos.
- Relacións entre o espazo real e espazo sentido na obra de Llorens.

ACTIVIDADES RECOMENDADAS:

- Investigar en maior profundidade a partir dos textos achegados e da información bibliográfica e web, a figura de Francisco Llorens como unha personalidade de relevo na historia cultural e artística de Galicia.